



Concello de Vigo

XERENCIA MUNICIPAL DE URBANISMO

Este documento forma parte do expediente nº 159/4117 aprobado DEFINITIVAMENTE polo PLENO DO CONCELLO con esta data,
Vigo, 28 XUN. 2004
O SECRETARIO DA XERENCIA
Acdo.: José Riesgo Boluda

PERI IV-01 SAN ROQUE A
DOCUMENTACIÓN PARA APROBACIÓN DEFINITIVA


ANEXO 1 DA MEMORIA XUSTIFICATIVA:
ESTUDIO DE SOSTIBILIDADE AMBIENTAL, IMPACTO
TERRITORIAL E PAISAXÍSTICO

MAIO 2004



Concello de Vigo

XERENCIA MUNICIPAL DE URBANISMO



ANEXO 1: ESTUDIO DE SOSTIBILIDADE AMBIENTAL, IMPACTO TERRITORIAL E PAISAXÍSTICO.-

1. INTRODUCCION / OBXECTIVOS DO ESTUDIO.-

A aceptación xeneralizada do propósito de facer mais "sostible" o desenvolvemento económico trasladouse desde o campo das ciencias sociais e económicas, ó urbanismo cotidiano. A ambigüidade conceptual do termo "sostible", xunto co uso, e abuso, dunha forma acrítica e banal, do mesmo, require dun esforzo na súa precisión e operatividade, para evitar que se convirta nun concepto baleiro, utilizado mais ben como "conxuro" ou proposición apodíptica

A recente lexislación urbanística galega (Lei 9/2002), do 30 de decembro de 2.002, facéndose eco da actual sensibilización en materia medio ambiental e nas sucesivas directivas europeas na materia, que recomendaban extender ó planeamento urbanístico os mecanismos de avaliación medioambiental, introduce para os plans xerais (art. 61.4), , e para os instrumentos de planeamento de desenvolvemento (art.65) a necesidade de incluír entre a súa documentación, un estudio de sostibilidade ambiental, impacto territorial e paisaxístico).

Non obstante, a ausencia dun desenvolvemento regulamentario, e dunha lexislación medioambiental que incluíra este tipo de estudio impide, polo de agora, a concreción exacta da documentación e contido deste estudio. En todo caso, por extensión do indicado no artigo 61 da lei 9/2002, o estudio "*terá por obxecto a análise e ponderación dos efectos da execución e desenvolvemento das determinacións do plan ... sobre os recursos naturais e o medio físico, a adopción das medidas correctoras necesarias para minimiza-los seus impactos e a valoración da adecuación das infraestruturas e sevicios necesarios para garanti-los novos desenvolvementos en condicións de calidade e sostibilidade ambiental, así como cos obxectivos de protección do dominio público natural*".

O obxecto fundamental do estudio, polo tanto, é coñecer " a priori" as alteracións que vai sufrir o Medio Ambiente, o ámbito, como consecuencia da actuación urbanística de reforma interior do PERI IV-01 de SAN ROQUE. A intención é determinar se os beneficios ambientais derivados de dita actuación son superiores ós prexuízos que a mesma conleva, para isto estudíase o contorno no que se desenvolverá o PERI, así como a consecuencia da posta en marcha da actuación urbanística.

Para evitar innecesarias repeticións o Estudio, cando sexa posible, fará remisión ós apartados da Memoria Informativa do PERI onde infórmase e analízase o Medio físico e urbano do ámbito.

O Estudio deberá propoñer as medidas protectora e correctoras para minimiza-las alteracións producidas polo proxecto.



Concello de Vigo

XERENCIA MUNICIPAL DE URBANISMO

2.MARCO LEGAL.-

A lexislación de impacto ambiental e a urbanística, veñen sufrindo unha contínua revisión nos últimos tempos, tanto na esfera comunitaria, como estatal e autonómica.

Na elaboración deste Estudo tívose en conta a metodoloxía deseñada pola normativa vixente: Directiva 97/11/CE, de 3 de marzo, o Real Decreto-Lei 9/2000, de 6 de outubro, de modificación doi RDL 1302/1986, de 28 de xuño de Avaliación de impacto ambiental, así como o disposto pola normativa galega – Decreto 327/1991 , de 4 de outubro, de avaliación de efectos ambientais para Galicia.

Tamén deben terse en conta as Ordenanzas Municipais de Protección do Medio Ambiente do Concello de Vigo, publicadas no BOP do 18 de outubro de 1994, que regulan no ámbito das competencias municipais, a intervención administrativa sobre as actividades e situacións susceptibles de influír nas condicións ambientais do municipio, co fin de protexer e preservar de efectos negativos a saúde humana, o medio natural e os espazos comunitarios". No tocante ó apartado de ruidos deberase considerar as modificacións publicadas no BOP do 27 de agosto de 1.996.

Así mesmo o Plan Xeral de Ordenación Urbana de Vigo contén no punto 3.2.3.1. das Normas Urbanísticas , as denominadas Normas de Protección ambiental.

3.LOCALIZACION DA ZONA DE ESTUDIO.-

O ámbito do PERI IV-01 SAN ROQUE A , localízase no Distrito IV, do núcleo central do Termo Municipal de Vigo . Comprende unha superficie de 90.704 m² , cos seguintes límites:


Norte: Rúa Pizarro e Colombia
Sur: Rúa Couto de San Honorato
Leste: Rúa Couto Piñeiro
Oeste: Rúa Vázquez Varela.

A súa ubicación queda precisada nos planos do PERI (INF01, INF03,INF 04), e nas descrición que figuran na Memoria Informativa (art. 4) e Xustificativa (art. 3.1.).

4.CARACTERÍSTICAS DO PERI .-

O PERI IV-01 ten como obxectivos fixados polo Plan Xeral os de " Ordenación de volumes, definición do viario e solución de rasantes", cunha serie de criterios de ordenación a ter en conta, dos que os principais son os seguintes:


2





Concello de Vigo

XERENCIA MUNICIPAL DE URBANISMO



- *Proponse a conveniencia de efectuar melloras ambientais a través dun conxunto de pequenas actuacións de redeseño, urbanización complementaria e reservas para dotacións nas zonas consolidadas.*
 - *Xustapoñer axeitadamente as novas edificacións en relación coas existentes, especialmente en situacións de borde.*
 - *Rehabilitación do grupo de vivendas situado entre r/Colombia e Couto Piñeiro, e mantemento das tipoloxías no solo urbano consolidado do Barrio de Ribadavia .*
- Incardina-la zona na trama urbana xeral resolvendo os problemas de permeabilidade e conexión viaria co contorno*

Os criterios e obxectivos do PERI foron matizándose na fase de Avance , engadindo os seguintes

- Integrar a nova ordenación coa estrutura tradicional do barrio de Ribadavia e as edificacións existentes de interese.*
- Conseguir un viario interior axeitado ás novas necesidades de ordenación, e unhas penetracións e accesos suficientes.*
- Constituír no fronte perimetral, e principalmente no Couto de San Honorato, unha zona, para usos comerciais e terciario, de servizo non só do barrio, senón das novas urbanizacións e edificacións do contorno.*
- Dotar ó barrio dun sistema de zonas verdes amplo , e que permita recorridos completos.*
- Conseguir unha dotación pública para usos non necesariamente escolares (como se prevía en planeamentos anteriores).*
- Mellorar a dotación de aparcamentos públicos*


As intensidades de uso previstas para a actuación, condicionadas polas limitacións legais urbanísticas son basicamente as seguintes:

Superficie total do ámbito: 90.704 m²
Superficie de solo consolidado (Barrio de Ribadavia): 25.896 m²
Superficie de solo non consolidado (actuación urbanística): 64.808 m²
Nº de vivendas existentes no ámbito:344
Nº de habitantes estimado na actualidade:788
Nº de vivendas proxectado:1.100 (aprox.)
Nº de habitantes estimado tralo PERI: 3.300
Superficie total de zonas verdes previstas : 19.112 m²
Superficie de equipamentos previstos:4.252 m²
Superficies de espacios libres : 3.489,50 m²
Superficies de viarios:20.974 m²
Aparcamentos: 1.758 prazas



Concello de Vigo

XERENCIA MUNICIPAL DE URBANISMO



Edificabilidade existente en solo urbano consolidado:
Nº de vivendas existentes en solo urbano consolidado:247
Edificabilidade total posible en solo urbano consolidado:45.394
Nº de vivendas posible estimado tralo proxecto: 454

Edificabilidade existente en solo urbano non consolidado:
Nº de vivendas existentes en solo urbano non consolidado: 97
Edificabilidade total posible en solo urbano non consolidado:96.708 m2c
Edificabilidade residencial posible:53.467 m2c
Nº de vivendas posible estimado tralo proxecto:648
Edificabilidade comercial e terciario:43.242 m2c.

En resumo preténdese unha actuación de rehabilitación urbana da trama tradicional do barrio de Ribadavia e da edificación perimetral de Colombia e Couto Piñeiro, e unha actuación urbanística de nova planta na zona non consolidada con usos residenciais, comerciais e terciarios, estruturante integradora e xeneradora dunha rede de zonas verdes e dotacións para mellora da calidade de vida de todo o ámbito.

5. XENERACION DE ALTERNATIVAS .-

Desde a fase de Modificación Puntual do Plan Xeral , e do Avance do PERI estudiáronse as posibles alternativas de ordenación.

O apartado 4.12. do Avance de planeamento tramitado no ano 2.001 (expediente 6570/411) resumíanse as alternativas do seguinte xeito:


En resumo ,as alternativas de ordenación basculan entre as seguintes posibilidades:

- A) ALTERNATIVAS QUE PROPOÑEN A REFORMA INTERIOR COMPLETA , nunha operación de saneamento do barrio, que non respeta nin os trazados viarios nin as tipoloxías edificatorias existentes.
- B) ALTERNATIVAS QUE PROPOÑEN O MANTEMENTO INTEGRO DAS ESTRUCTURAS URBANAS EXISTENTES.-Sería unha solución que mantería as carencias actuais do barrio, precisarían de operacións de reurbanización, e provocarían a actual conxelación e retención de solares polos propietarios.
- C) ALTERNATIVAS INTERMEDIAS QUE PROPOÑEN UN MANTEMENTO DE PARTES DO AMBITO, E REFORMA NAS ZONAS VACANTES E DEFICITARIAS. Plantexando incluso pequenas operacións aisladas de reurbanización na zona consolidada, corrección de aliñacións, para configuración dun sistema viario suficiente, e un sistema de zonas verdes amplo e conectado entre sí, cnfigurando un espacio atractivo para o desenvolvemento urbanístico.



Concello de Vigo

XERENCIA MUNICIPAL DE URBANISMO



6.CONDICIONANTES DO CONTORNO.-

As condicionantes do contorno sobre o proxecto :

-Condicionantes socio-económicos:-

A existencia de vivendas no interior do ámbito e nos límites do mesmo, véndose afectados polo plan de urbanización. No apartado 3.10 da Memoria Xustificativa do PERI faise unha análise das consecuencias sociais e económicas da actuación.

-Condicións xeomorfolóxicas.-

A topografía e pendentes naturais do terreo, que figuran sinalados no apartado 4.5. da Memoria Informativa do PERI son importantes, tanto no que se refire a condicións de edificación , urbanización como de soleamento.

" As condicionantes topográficas do ámbito son importantes: unha sección transversal (Norte-Sur), como a da figura, primeiramente un forte talude do 100% de pendente, entre Pizarro (cota 90) e logo a plataforma superior, a cota 100, onde se sitúa o Barrio de Ribadavia. Esta plataforma superior ten unha pendente ascendente dende a cota 100 do borde de corroación do talude ata a cota 120 de Couto de San Honorato, cunha pendente próxima ó 4%. Unha rasante hipotética de unión entre a cota de Couto de San Honorato e Pizarro tería unha pendente do 10%, pero suporía un importantísimo desmonte de terras, que se pode estimar en 1 millón de metros cúbicos, así como a necesidade de demolición de todo o Barrio de Ribadavia.

Unha sección transversal (Este-Oeste) non presenta pendentes tan acusadas e permite conexións polo menos peatonais. Non obstante é salientable a diferenza de rasantes que se producen nos encontros entre as rúas de Couto Piñeiro e Vazquez Varela, coa plataforma interior (Travesías de Ribadavia e accesos á vivendas unifamiliares de Vázquez Varela que se resollen en escaleiras), e que deben buscarse no PERI as súas solucións."

-Condicionantes florísticas.-

O apartado 4.5.3. da Memoria informativa , así como os informes dos Departamentos Municipais de Medio Ambiente, Parques e Xardíns, dan conta da vexetación existente no ámbito, e das especies de interese que se relacionan, de cara a súa conservación e integración no proxecto urbanístico.


-Condicionantes urbanísticos.-

O Plan Xeral establece a necesidade de levar a cabo unha actuación urbanística para uso residencial, comercial e terciario, cunha rehabilitación do Barrio de Ribadavia e a mellora da infraestrutura viaria, da accesibilidade e das dotacións e zonas verdes.



Concello de Vigo

XERENCIA MUNICIPAL DE URBANISMO



7. INVENTARIO AMBIENTAL.-

Resulta fundamental realizar unha análise e diagnóstico da situación do medio, previamente ó inicio das actuacións previstas no proxecto, o que permitirá unha axeitada predicción das alteracións que poidan chegar a producirse.

Neste caso débese ter en conta que tanto o ámbito, como o seu contorno atópase fortemente humanizado e urbanizado, principalmente nas súas marxes, tanto pola presenza de ruas absolutamente urbanas como pola existencia dun importante número de vivendas uni e plurifamiliares, así como usos complementarios ó servizo dos residenciais.

O estado inicial da actuación urbanística correspóndese cunha zona urbana semiconsolidada principalmnte nos bordes, cun barrio interior con dificultades de accesibilidade e zonas baleiras e degradadas.

7.1. CLIMA.-

O observatorio meteorolóxico de Vigo-cidade ten as seguintes características:

- Lonxitude : 8 ° 43' W
- Latitude : 42° 14' N
- Altitude: 27 m s.n.m.

O clima de Vigo-cidade presenta un réxime de humidade de tipo húmido e un réxime térmico do tipo mesotérmico. A orientación ó suroeste e o amplo borde marítimo (36,5 km de costa) tamén condicionan astemperaturas suaves que disfruta Vigo todo o ano. Así, o concello acada unha temperatura media anual de 15,1 °C. Este tipo de clima pódese clasificar como de transición entre o oceánico puro e o mediterráneo oceánico; resulta un clima moi propicio para o asentamento humano.

O réxime de ventos é o seguinte:

- No inverno predominan os ventos de S-SW
- Na primaveira dominan os ventos do S de intensidade media e os ventos frouxos do W.
- No vran dominan os ventos do W-NW
- No outono dominan os ventos do S (intensidade media) e ventos frouxos do W.

As temperaturas , precipitacións, horas de soleamento, e outros fenómenos no T. M. de Vigo reflíctense nos seguinte cadro estatístico, extraídos dos datos facilitados polo Observatorio Meteorolóxico de Vigo:



Concello de Vigo

XERENCIA MUNICIPAL DE URBANISMO

Este documento forma parte do expediente nº 159/2004 aprobado DEFINITIVAMENTE polo PLENO DO CONCELLO desta data, Vigo, 28 XUN. 2004
 SECRETARIO
 Asdo.: José Riego

TEMPERATURAS-PRECIPITACIÓNS:

VARIABLE CLIMÁTICA	Valor medio	Mes
Temperatura media anual	15,1 ° C	
Temperatura media mes mais frío	6,9 ° C	Xaneiro
Temperatura media mes máis cálido	24,5° C	Xullo
Duración media período de xeadas	De 3 a 5 meses	
E.T.P.	650 mm.	
Precipitación media anual	1.388 mm.	
Precipitación máxima	190 mm.	Xaneiro
Duración media período seco	2 meses	
Precipitación de inverno	37 %	
Precipitación de outono	28 %	
Precipitación de primaveira	26 %	
Precipitación de vran	6%	

HORAS DE SOL:

Ceo cuberto (> 80%)	33 %
Ceo parcialmente cuberto (20-80%)	46 %
Radiación solar recibida	50 %
Horas de sol (horas/año)	2.400

OUTROS FENÓMENOS METEOROLÓXICOS.-

Néboa (días/año)	40
Choiva (días/año)	130
Treboada (días/año)	12

No que se refere ó ámbito do PERI IV-01 SAN ROQUE A os condicionantes climatolóxicos inciden no senso en que a pendente dos terreos , en dirección Sur(Couto de San Honorato)-Norte (Pizarro) é contraria ó soleamento, co que oas superficies en sombra son maiores que si a pendente fora contraria.



Concello de Vigo


XERENCIA MUNICIPAL DE URBANISMO

Este documento forma parte de expediente nº 8159749 aprobado DEFINITIVAMENTE polo PLENO DO CONCELLO con esta data,
 Vigo, 28 XUN. 2004
 O SECRETARIO DA XERENCIA
 14
 Asdo.: José Riesgo Boluda

7.2. CALIDADE DO AIRE / RUIDOS/CONTAMINACIÓN ATMOSFÉRICA.-

7.2.1. CALIDADE SONORA.-

A situación de partida, previa á redacción do PERI, amosa unha contaminación acústica importante. O traballo realizado no ano 1.999 pola Universidade de Vigo (Graciela Cañamero / Luis Espada Recarei), baseado nunha campaña de medicións levada a cabo no ano 1.998 en 17 puntos da cidade de Vigo afirma que no Casco urbano vigués rexístrase unha media de nivel de ruidos de 78 decibelios, por encima dos niveles tolerables para a Organización de Cooperación e desenvolvemento de Europa (OCDE).




O punto máis ruidoso localízase no cruce dos Choróns (entre Pizarro e Urzaiz), a escasos 300 metros do noso ámbito, cunha media de nivel de ruído de 81,3 dbA.

O cruce Vázquez Varela/Pizarro (estación nº 14 da mostra), colindante co ámbito, reflexa unha media de nivel de ruído de 77,3 dbA, o que resulta máis preocupante, tendo en conta a proximidade do equipamento sanitario do Hospital Xeral, onde as tolerancias para niveis de ruidos admissibles son menores. (art. 13 da Ordenanza VII das OOMM de Medio Ambiente). A intensidade do tráfico de vehículos, a velocidade á que transitan, as pantallas arquitectónicas de edificios altos, que



Concello de Vigo

XERENCIA MUNICIPAL DE URBANISMO



actúan como pantallas, e as características dos pavimentos son factores que condicionan o incremento de ruidos nestes puntos da cidade.

7.2.2. CALIDADE DO AIRE.-

En canto á contaminación atmosférica a situación de partida, referida a Vigo, non é mellor: As partículas en suspensión constitúen o principal problema atmosférico (coñecido) de Vigo. A gran densidade de tráfico de Vigo, unido ás condicións de traballo dos motores debido ás numerosas pendentes, fan que os niveis de contaminación atmosférica por partículas sexan preocupantemente altos, a pesares do seu emprazamento xeográfico costeiro e polo tanto ventilado.

A principio da década dos 90 levouse a cabo en Europa o proxecto APHEA (Air Pollution and Health European Approach), un programa apoiado pola Unión Europea para determinar se existe unha relación entre niveis de contaminación e incrementos da mortalidade e/ou morbilidade en 15 cidades europeas: Amsterdam, Atenas, Barcelona, Bratislava, Colonia, Cracovia, Helsinki, Lodz, Londres, Lyon, Milan, Paris, Poznan, Rotterdam e Wrocław, todas elas por riba dos 400.000 habitantes, algunhas ben por riba, como Londres, con máis de 7 millóns de habitantes. Todas elas maiores ca Vigo.

Cun enfoque paralelo levouse tamen a cabo no estado español, entre os anos 91-96, o proxecto EMECAM, consistente nos análises locais de 14 cidades do estado español (Vigo, Barcelona, Gran Bilbao, Castellón, Cartagena, Huelva, Sevilla, Madrid, Pamplona, Valencia, Vitoria, Gijón, Oviedo e Zaragoza) – nos que se analizaron contaminantes (partículas en suspensión, SO₂, NO₂, O₃ e CO), series temporais de mortalidade, temperatura e outros factores, obtidos a partir de rexistros de institucións públicas, intentando atopar se existía relación entre cada un deses parámetros.

Os resultados deste estudo foron moi negativos para Vigo. Segundo os resultados do proxecto EMECAM, (período 91-94 na cidade de Vigo) Vigo é: *"a cidade [entre as 14 estudadas] que presenta os valores promedio máis altos de fumes negros [constituídos por partículas de carbón e hidrocarburos non queimados], con 98.1 microgramos/m³, valor superior ó rexistrado en Atenas, a cidade cos niveis de fumes negros máis altos dentro do estudio APHEA [Air Pollution and Health European Approach]. Este valor representa practicamente o dobre das concentracións medias obtidas na maior parte das cidades do proxecto EMECAM, no que os valores oscilaron entre os 40 e 50 microgramos/m³."*

"En xeral, os valores rexistrados [no estudio do proxecto EMECAM] estarían dentro dos límites contemplados na lexislación vixente e as guías de calidade do aire da OMS, excepto no caso de Vigo para os fumes negros, onde se sobrepasan os 80 microgramos/m³ de promedio anual como valor límite"



Concello de Vigo

XERENCIA MUNICIPAL DE URBANISMO

Este documento forma parte do expediente nº 159/111 aprobado DEFINITIVAMENTE polo PLENO DO CONCELLO con esta data,
 Vigo, 28 XUR. 2004
 O SECRETARIO DA XERENCIA
 14
 Asdo.: José Riego Boluda

"As partículas alcanzan concentracións superiores ós 125 microgramos/m³ do nivel guía en 300 días [durante o período de tempo, 1991-1994, que durou o estudio] (o 21 % dos días), distribuídos ó longo de todas as estacións do ano, cun máximo de 295,93 microgramos/m³ e o mesmo sucede co SO₂ en 14 días de outono e inverno, cun máximo de 244,17 microgramos/m³"

" En xeral, os resultados obtidos van no sentido da existencia dunha asociación entre a contaminación atmosférica e a mortalidade nas cidades incluídas no proxecto(...) para as partículas atopáronse riscos relativos maiores da unidade na meirande parte das cidades"

Namentras que, na meirande parte dos casos, nas outras cidades do estado que participaron no proxecto estudáronse todos os contaminantes, no caso de Vigo só se incluíron os fumes negros e o SO₂, e, curiosamente, nos dous casos excedéronse os límites legais.

Os niveis de fumes negros de Vigo representaban practicamente o dobre das concentracións medias obtidas na maior parte das cidades do estudio, nas que os valores oscilaron entre os 40 e os 50 microgramos /m³. Os valores de Vigo multiplicaban por dez os atopados en Pamplona.

A profesora Margarita Taracido, do departamento de Medicina Preventiva da Universidade de Santiago, e participante no proxecto, explicaba en "la Voz de Galicia" (29 de xuño de 1999) que , no caso vigues, comprobárase que existía relación entre os parámetros de contaminación atmosférica e os de mortalidade ó día seguinte, dado que ambos aumentan en determinadas épocas do ano.

TABOA . ABRIL 98 – MARZO 99


estacións	Valores límite (expresados en Microgramos/m ³)				Valores guía (expresados en Microgramos/m ³)			Nº de días sen datos
	ANUAL 80 (mediana dos valores medios diarios do ano)	INVERNAL 130 (mediana dos valores medios diarios do inverno)	ANUAL 250 (percentil de todos os valores medios diarios)	Nº veces máis de 3 días consecutivo s > 250	ANUAL 40-60 (media aritmética valores medios diarios)	Nº días con niveis >150 (límite sup. Valor guía)	Concentración máxima medida	
Colón/ P.sanz	90	128	270	1	105.81	58		20
Gran Vía	134	132	281	-	138.26	129		47
Urzaiz/ Trv. Vigo	43	59	126	-	48.22	1		6
Praza Eugenio Fadrigue	59	89	218	-	67.81	17		24
P.América	63	72	136	-	68.46	4		13
Rúa Sagunto	70	92	169	-	78.43	18		6
Sanjurjo.Badia	100	125	250	1	110.70	82		14
Camelias	32	34	84	-	35.66	-		222
Automática Coia	42.4	45.7	138.6	-				11 %

(A partir de datos do Laboratorio Municipal)



Concello de Vigo

XERENCIA MUNICIPAL DE URBANISMO



No estudo EMECAM (91-94) e na memoria do Laboratorio Municipal (94-95), o valor medio de contaminación por partículas era de arredor de 98 microgramos/m³, por riba dos 80 do valor límite lexislado.

Na memoria do Laboratorio Municipal do ano 97 se indicaba que o valor medio global de todas as estacións era de 74 microgramos/m³ (indicándose que era un "nivel coincidente co do período anterior"), inferior, pero moi próximo ó valor límite.

Nos datos do ano 98 recollidos no Laboratorio Municipal, a situación é parella inferiores ó valor mínimo pero altos. Os datos obtidos polo Laboratorio Municipal, nos seguintes anos, en canto á contaminación atmosférica medida no ano 2.002 para a zona de estudos continúan a situar nun medio atmosférico típicamente urbano, con contaminación atmosférica en dismiunución por medidas adoptadas de Plan de Tráfico e peatonalización do centro.

7.3. XEOMORFOLOXÍA/XEOLOXÍA.-

Nos apartados 4.5.1. e 4.5.2. da Memoria Informativa do PERI analízanse a topografía, e Xeoloxía do ámbito de estudo, constituído por solos de tipo pétreo metamórfico, constituídos por gneises de biotita profundamente alterados, e con comportamento de solos areosos -arxilosos. Son terreos considerados entre duros e medios a efectos de excavación, e sen importantes restricións xeolóxicas para a construción, aínda que poden presentar dificultades medias no tocante a obras subterráneas.

7.4. EDAFOLOXÍA/HIDROLOXÍA.-

Por tratarse dunha zona dotada dunha rede de sumidoiros públicos, non existen correntes superficiais, agás nas zonas non urbanizadas, nas que, mnos períodos de maiores precipitacións transcorren polas cunetas dos camiños existentes, principalmente en dirección Sur-Norte. Polas pendentes dos terreos non se presentan zonas encharcables ou inundables.

As augas subterráneas están canalizadas, cos colectores que figuran nos planos de información.

7.5. VEXETACIÓN/FAUNA.-


O estudo da vexetación existente consta no apartado 4.5.3. da Memoria Informativa do PERI, e no informe das Oficinas Municipais de Parques e Xardíns e Medio Ambiente, que figuran no anexo documental.

Naquela documentación relaciónanse unhas 40 especies vexetais de interese, (árbores frutais, ornamentais e arbustos)



Concello de Vigo

XERENCIA MUNICIPAL DE URBANISMO



En canto á fauna, a pesares de que en algunha ocasión anecdótica pódese observar un cabalo pastando nun solar, carece de interese.



7.6. PAISAXE.-

Na Memoria Informativa do Avance é do PERI analízase o ámbito urbano do PERI, diferenciando 7 zonas homoxéneas desde o punto de vista da estrutura urbana, e igualmente da paisaxe. Así, profundizando algo máis, no que se refire ás zonas máis baleiras, e xa que logo, menos urbanizadas, podemos distinguir na área de estudos as seguintes unidades paisaxísticas diferenciadas:

1. Zona do casarío central do barrio de Ribadavia
2. Zona das vivendas de protección da Rúa Colombia
3. Zona de edificación semipechada con frente a Couto Piñeiro
4. Zona de vivendas unifamiliares de Vázquez Varela
5. Edificación aberta en altura de Couto de San Honorato
6. Zona de infraviendas e galpóns
7. Zona de parcelas baleiras / Solo vacante

As cinco primeiras correspóndense cun paisaxe totalmente urbano, é dicir, ocupadas por construcións de distintas tipoloxías, e urbanizadas en maior ou menor medida. As zonas 6 e 7 aínda conservan certas condicións "naturais", e nelas poderían distinguirse aén, subzonas diferenciadas polas súas condicións paisaxísticas:

- 6.1.-Zona ocupada por edificacións de distintos usos e estados de conservación
- 6.2.-Zona de patios, xardíns, hortas ou espazos baleiros anexos a edificacións




Concello de Vigo

XERENCIA MUNICIPAL DE URBANISMO

Este documento forma parte do expediente nº 150/411 aprobado DEFINITIVAMENTE polo PLENO DO CONCELLO con esta data,
Vigo, 28 XUN. 2004
O SECRETARIO DA XERENCIA
Asda: José Diego Boluda

- 7.1. Zona baleira de edificación sen vexetación (camiños), ou vexetación de herba (pradeiras).
- 7.2. Zonas baleiras de edificación con vexetación de arbustos, árbores ornamentais ou frutais
- 7.3.-Talude , e desniveis entre ruas perimetrais e rasantes interiores ó ámbito.





Concello de Vigo

XERENCIA MUNICIPAL DE URBANISMO

Este documento forma parte do expediente nº 8159/04 aprobado DEFINITIVAMENTE polo PLENO DO CONCELLO con esta data, **Vigo, 28 XUN. 2004**
SECRETARIO DA XERENCIA
 Asdo.: José Ricardo Botada

8. REPERCUSIÓNS AMBIENTAIS.-

Nesta fase de Estudio determinarase a influencia real da actuación prevista sobre o medio ambiente.

Unha vez coñecido o proxecto e elaborado o Inventario ambiental, onde se reflexa o estado no que se atopa o contorno pre-operacional, ponse en marcha o sistema de predicción das posibles alteracións que sobre o contorno poderían ter as accións da urbanización que se pretende executar.

8.1 RELACION DE ACCIÓNS SUSCEPTIBLES DE PRODUCIR IMPACTOS SOBRE O MEDIO.-

Neste apartado identifícanse as accións directamente derivadas da actuación urbanística susceptibles de causar alteracións sobre os factores do contorno potencialmente afectados, e que poden relacionarse basicamente no seguinte listado:

- Modificacións do uso do solo
- Emisión de axentes contaminantes
- Xeración de residuos
- Sobreexplotación /subexplotación de recursos naturais
- Alteración de ecosistemas existentes
- Modificacións da paisaxe
- Repercusións sobre as infraestruturas.
- Modificacións do contorno socio-económico
- Afeción da normativa medioambiental vixente

Na fase de construción e execución da urbanización , as accións a sinalar son:

FASE DE EXECUCIÓN DA URBANIZACIÓN E CONSTRUCCION	ENXEÑERÍA CIVIL E CONSTRUCCION	XERAL	Desbroce do terreo
			Movements de maquinaria pesada
			Movements de terra (Desmontes , recheos, excavacións)
		CONSTRUCCIONS	Alteracións da hidoloxía (Drenaxe de terreos naturais)
			Infraestruturas
			Construcción de edificios e aparcamentos
	ACCIÓNS ASOCIADAS	RESIDUOS	Accesos e viais
			Creación de zonas verdes
			Producción de ruidos e vibracións
	ACTIVIDADES ECONÓMICAS	RESIDUOS	Emisión de gases e pó
			Residuos de obra
			Inversións
ACTIVIDADES ECONÓMICAS	RESIDUOS	Incremento de man de obra	
		Intervención mercado da vivenda	



Concello de Vigo

XERENCIA MUNICIPAL DE URBANISMO

Este documento forma parte do expediente nº 8.0159/2004 aprobado definitivamente polo PLENO DO CONCELLO con esta data,
 Vigo, 28 XUR. 2004
 O SECRETARIO DA XERENCIA
 Asdo.: José Riesgo Boluda

Unha vez executada a urbanización, as accións a sinalar serían:

ACTUACIÓN URBANÍSTICA EXECUTADA (PERIIV-01 SAN ROQUE A)	ACCIONS ASOCIADAS	RESIDUOS	Producción de ruído e vibracións
			Emisión de gases e po
			Traíño de vehículos
			Residuos domésticos e de negocios
		ACTIVIDADES ECONOMICAS E SOCIAIS	Inversións
			Vivenda
			Nivel de ocupación
			Accións socio-económica propias (emprego-mantemento)
			Disfrute de zonas verdes
			Disfrute de equipamento socio-recreativo e asistencial.

9.AVALIACION DE IMPACTOS OU EFECTOS AMBIENTAIS.-

9.1.METODOLOXIA.-

Para o proceso de valoración cualitativa-cuantitativa dos impactos derivados do proxecto utilizarase unha matriz de valoración, consistente nunha táboa de dobre entrada , na que se colocan en sentido vertical os factores ambientais susceptibles de seren afectados polas accións de proxecto e/ou actividade, e en sentido horizontal as accións programadas que poidan ter efectos sobre os factores ambientais domedio.

Na fase de valoración únicamente introdúcense efectos notables ou significativos, non considerando aqueloutros considerados mínimos ou non significativos, coa distinción aceptada no RD 1131/1988, de 30 de stembro polo que se aproba o Regulamento RDL 1302/1986 de 28 de xuño, de avaliación do impacto ambiental:

- Efecto notable ou significativo: Aquel que se manifesta como unha modificación do medio ambiente, dos recursos naturais ou dos seus procesos fundamentais de funcionamento, que produzan, ou poidan producir no futuro, repercusións apreciables no mesmo.

-Efecto mínimo ou non significativo: Aquel que non reúne as características anteriores.

Tomando como referencia os RD anteriormente citados , e a " Guía metodolóxica para a avaliación do impacto ambiental" , de V. Conesa (Ed. Mundiprensa, Madrid 1997), adoptáronse uns criterios de valoración de efectos ambientais segundo o seguinte cadro:



Concello de Vigo

XERENCIA MUNICIPAL DE URBANISMO

Este documento forma parte do expediente nº 150/411 aprobado DEFINITIVAMENTE polo PLENO DO CONCELLO con esta data,
 Vigo, 28 XUN. 2004
 O SECRETARIO DA XERENCIA
 Asdo.: José Rieago Botada

Caracterización	Signo	Valor	Caracterización	Signo	Valor
NATUREZA ▪ I.Beneficioso ▪ I.Perjudicial	+ -		MOMENTO: Mo ▪ Largo prazo ▪ Medio prazo ▪ Inmediato:	L/P M/P IN	1 2 4
INTENSIDADE: In ▪ Baixa ▪ Media ▪ Alta ▪ Total	B M A T	1 2 4 10	EFECTO: Ef ▪ Indirecto ▪ Directo	I D	1 4
EXTENSIÓN: Ex ▪ Puntual ▪ Parcial ▪ Total ▪ Crítico	P Pa T Cr	1 2 4 8	PERIODICIDADE: Pr ▪ Irregular Discontinuo ▪ Periódico ▪ Continuo	Ds Pr Cn	1 2 4
PERSISTENCIA: Pe ▪ Fugaz ▪ Temporal ▪ Permanente	F T P	1 2 4	REVERSIBILIDADE: Rv ▪ Corto prazo ▪ Medio prazo ▪ Irreversible	C/P M/P Iv	1 2 4
SINÉRXIA: Si ▪ Simple ▪ Sinérxico ▪ Moi sinérxico	S Sn Msn	1 2 4	RECUPERABILIDADE: ▪ Recuperable C/P ▪ Recuperable M/P ▪ Compensable ▪ Irrecuperable	Vc Vm Cm Ir	1 2 4 8
ACUMULACIÓN: Ac ▪ Simple ▪ Acumulativo	S Ac	1 2	IMPORTANCIA: $I = +/- (3 In + 2 Ex + Pe + Si + Ac + Mo + Ef + Pr + Rv + Rc)$		

A caracterización e valoración exhaustiva dos impactos permite, a través da ratio de importancia, medi-lo impacto ambiental, en función do seu grao de incidencia . De acordo coa metodoloxía utilizada, os impactos clasifícanse en:

-Impactos ambientais compatibles: (Importancia entre 0 e 25 UIA) Aqueles nos que a recuperación é inmediata e non precisan de prácticas – medidas protectoras ou correctoras.

-Impactos ambientais moderados : (Importancia entre 26 e 50 UIA) A recuperación non precisa de prácticas/medidas correctoras intensivas, malia que a consecución das condicións ambientais requiren un certo tempo.

-Impactos ambientais severos : (Importancia entre 51 e 75 UIA) A recuperación das condicións do medio esixen a implementación de prácticas/medidas correctoras ou protectoras, e a consecución das condicións ambientais requiren un período de tempo dilatado.

-Impactos ambientais críticos: (Importancia superior a 75 UIA) A magnitude do impacto é superior ó aceptable. Prodúcese unha perda permanente da calidade das condicións ambientais, sen posible recuperación , mesmo coa adopción de medidas correctoras.



Concello de Vigo

XÉRENCIA MUNICIPAL DE URBANISMO

9.2. AVALIACION

9.2.1.-Impactos sobre a atmósfera.-

9.2.1.1. Alteración da calidade do aire.-

A urbanización prevista no PERI IV-01 SAN ROQUE A leva consigo movementos de terra, excavacións, empregando maquinaria pesada . Todo isto orixinará a aparición de partículas en suspensión, po, que suporá unha degradación da calidade do aire respecto do seu estado orixinal.

O impacto na calidade do aire, debido á acción dos movementos de terras caracterízase por ser: Negativo, Intensidade media, Parcial na súa extensión, debido a que non afecta a todo o ámbito a excavación, Temporal na súa persistencia, xa que os seus efectos debidos á presenza de po e contaminantes no aire desaparecen tras un prazo certo desde que se remata a acción que o xenera . O seu momento é inmediato, a súa reversibilidade a curto prazo, con posibilidade de medidas correctoras durante a fase de Obras.

A súa valoración é, polo tanto:

In Intensidade	M	2	Mo Momento	IN	4
Ex Extensión	Pa	2	Ef Efecto	D	4
Pe Persistencia	T	2	Pr Periodicidade	Ds	1
Si Sinerxia	S	1	Rv Reversibilidade	C/P	1
Ac Acumulación	Ac	2	Rc Recuperabilidade	Rc	1

IMPORTANCIA : - (3 x 2 + 2 x 2 + 2 + 1 + 2 + 4 + 4 + 1 + 1 + 1) = - 26
IMPACTO SIGNIFICATIVO MODERADO

Unha vez executada a actuación prevista , é dicir urbanizado e edificado o ámbito conforme ó PERI, estará asociado co aumento do tráfico rodado.

Será un impacto de natureza negativa , intensidade baixa, extensión parcial, persistencia permanente (o tráfico de vehículos sosterase ó longo do tempo), Momento inmediato, simple, directo, reversible a curto prazo e recuperable.

In Intensidade	B	1	Mo Momento	In	4
Ex Extensión	Pa	2	Ef Efecto	D	4
Pe Persistencia	P	4	Pr Periodicidade	Ds	1
Si Sinerxia	S	1	Rv Reversibilidade	C/P	1
Ac Acumulación	Ac	2	Rc Recuperabilidade	Rc	1


IMPORTANCIA : - (3 x 1 + 2 x 2 + 4 + 1 + 2 + 4 + 4 + 1 + 1 + 1) = - 25
IMPACTO SIGNIFICATIVO COMPATIBLE

Este documento forma parte do expediente 78159/4 A9 aprobado DEFINITIVAMENTE polo PLENO DO CONCELLO con esta data, Vigo, 28 XUR. 2004 O SECRETARIO DA XERENCIA Asdo.: José Riego Bohuda



Concello de Vigo

XERENCIA MUNICIPAL DE URBANISMO



9.2.1.2. Impactos sobre o confort sonoro.-

Sen deixar de ter presente que o punto de partida da actuación non é precisamente de confort sonoro, e xa o medio estaría necesitado de medidas correctoras, non debemos de confundir as incidencias da actuación prevista con outros factores colaterais e accións externas (tráfico exterior, instalacións industriais e climatizadores do Hospital Xeral nas proximidades) causantes de impactos sonoros.

As accións derivadas deste proxecto que alteran o confort sonoro están única e directamente relacionadas coas accións causantes do impacto sobre acalidade do aire e son : o tráfico de vehículos e a manobra de maquinaria pesada durante as obras. Para amortiguar este impacto implementaranse medidas correctoras en fase de obra.

